

**PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E  
AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR  
2019/2020 (DOG do luns 20 de maio de 2019)**

**SOLICITUDE:** Recollela na secretaría do centro ou descargala da web do CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA imprimila e cubrila.

**ALUMNADO QUE CURSA ESTE ANO (2018-2019) 6º:** Presentala no INSTITUTO onde presentaron a solicitude de admisión.

**PRAZOS: OLLO PRAZO ÚNICO: Do 21 de maio ao 21 de xuño de 2019 (este incluído)**

**DEBEN PRESENTALA NO PRAZO INDICADO "TODOS" PONDO O CURSO QUE FARÁN O ANO QUE VÉN COMO SE PROMOCIONASEN** (unha vez cuberta a promoción ou non ao curso seguinte a aplicación xa os ubica no curso correcto).

**PRESENTACIÓN:** Na secretaría do centro.

Unha única solicitude para todos os alumnos que estean matriculados no mesmo centro, indicando o curso que van facer no 2019/2020. É a mesma solicitude para AXUDA-FONDO LIBROS e MATERIAL.

**DATOS ECONÓMICOS E FAMILIARES:** *Deixar AUTORIZACIÓN para que a administración poida consultar estes datos, se non a deixan deberán presentar xustificación documental. TOPE DE RENDA per cápita: 9000 € (exercicio fiscal 2017)*

**DOCUMENTACIÓN A ENTREGAGAR COA SOLICITUDE**

- Libro de familia que reflicta a situación familiar a 31 de decembro de 2017.
- Certificado ou volante de convivencia (se os datos non coinciden co libro de familia).
- Sentenza de separación (no caso de que exista)
- Certificado minusvalía (no caso de que exista).
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero (no caso de existir).

**MODALIDADE DE AXUDA:**

**FONDO SOLIDARIO** (préstamo libros) está destinado a: 3º, 4º, 5º, 6º .

**ADQUISICIÓN LIBROS:** (axuda económica para mercar libros) está destinada a 1º e 2º de Educación Primaria e alumnado Educación Especial.

**MATERIAL** escolar: axuda de 50 €, para familias cunha renda per cápita no 2017, igual ou inferior a 5.400 €.

**REQUISITOS DE CARÁCTER XERAL:**

Ter devolto e en bo estado os libros de texto adquiridos coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2018/2019. **Non telos devolto será causa de exclusión nesta axuda.**

O calendario de devolución para o alumnado do centro indicárase proximamente.

**RELACIÓN DE ADMITIDOS/EXCLUIDOS NO FONDO:**

Durante o mes de xullo iranse expondo os listados na WEB do centro e no taboleiro de anuncios, **DEBERÁN ESTAR ATENTOS/AS para posibles reclamacións.**